

**CONCELLO
DE VIGO**



**“FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO
NOS VIEIROS DA ARTE GALEGA”
EXPOSICIÓN
PROGRAMA DIDÁCTICO**

A quen vai dirixido?

A grupos escolares de 5º e 6º dos colexios de primaria da cidade de Vigo.

En que consiste o programa?

O programa ofrece unha visita guiada e un obradoiro artístico sobre a figura de D. Francisco Fernández del Riego, homenaxeado das Letras Galegas en 2023, a quen se lle dedica esta exposición.

Onde se desenvolve o programa? Canto dura?

Na Pinacoteca “Francisco Fernández del Riego”, rúa Abeleira Menéndez 8, Vigo.

O programa dura 90 minutos: 45 minutos para a visita guiada e 45 minutos para o obradoiro artístico.

Cantos nenos e nenas poden realizar o programa simultaneamente?

Atenderanse 2 grupos simultaneamente do mesmo ou de diferente colexio. Cada grupo terá un máximo de 25 escolares.

Un monitor especializado atenderá cada grupo.

O grupo deberá estar acompañado ademais por un docente do centro escolar.

O grupo 1 realizará primeiro a visita guiada e logo o obradoiro artístico. O grupo 2 comezará polo obradoiro artístico e finalizará coa visita guiada.



Cando se desenvolve o programa?

Entre o 17 de abril e o 19 de maio de 2023, ambos os dous incluídos.

Todos os días, de luns a venres, agás festivos.

Hora de comezo do programa: 10.30 horas

Hora de remate do programa: 12.00 horas

Como fago a reserva?

As reservas poden facerse **desde o mércores día 15 de marzo**.

Sempre como mínimo con dous días laborables de antelación (luns a venres) respecto do día en que se quere realizar o programa.

Por teléfono: 986 240 130 ou 619 948 920.

En horario de luns a venres de 9:00 h a 14:00 h; e de 17:00 h a 20:00 h.

Por correo electrónico:

reservas.aprmvigo@gmail.com

Poden reservar un máximo de dous grupos por colexio

Deberán aportarse os seguintes datos

- Nome do colexio, os seus datos de contacto (teléfonos e enderezo electrónico)
- Curso e número de alumnos do grupo.
- Datos de contacto do docente acompañante (teléfono e enderezo electrónico).

PODES OBTER MÁIS INFORMACIÓN SOBRE O PROGRAMA NESTE CÓDIGO QR:

